

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación II
TITULACIÓN	Grao en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	Primeiro
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Ermel Morales
DOCENTES	Nome e apelidos: Mariana Fernández Pérez Horario titorías: Despacho: Contacto: marianacarbballal@hotmail.com
DESCRICIÓN	Introdución á técnica actoral e estudo dos procedementos e recursos expresivos e dos procesos psicofísicos do/da actor/actriz.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X    Castelán X    Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a

	conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>	
<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>	
1. Coñecer os procedementos psicofísicos da técnica actoral.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X4, X5, X6, EI1, EI5
2. Iniciar ao alumnado no emprego dos seus propios recursos expresivos.	T1,T2,T3,T6, X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI5
3. Capacitar ao alumnado para que tome conciencia dos procesos internos do actor/actriz.	T1, T2, X1, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI5
4. Relacionar os mecanismos externos e internos no traballo de interpretación.	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI5
5. Potenciar o sentido da verdade escénica	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2,EI3, EI5
6. Desenvolver a capacidade de mostrarse sen o apoio de textos.	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI5
7. Introducir os principios de acción e conflito dramático.	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI5
8. Activar e canalizar a enerxía creativa dentro dos parámetros da estrutura dramática.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI5
9. Integrar os diferentes contidos teóricos cos prácticos	T1,T2,T3,T6,T7, T8, X1, X5
10. Comprender e valorar o sentido ético do actor e actriz e a disciplina no traballo actoral.	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI5

4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS	
1. Sistemas de Interpretación II	1.1 A estrutura dramática 1.1.1 Análise do texto 1.1.2 Identificación dos elementos da estrutura dramática	40	
2. Prácticas de interpretación II	2.1 Técnicas de improvisación II 2.2 Achegamento á fala escénica 2.2.1 Texto. Subtexto.	50	
TOTAL SESIÓNS		90	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	9		9
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	8	8	16
Práctica individual	30	25	55
Práctica colectiva	45	40	85
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	6		6
Titorías de grupo	5		5
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2		2
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	107	73	180
PORCENTAXE	59.4%	40.55%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Adestramento psicofísico	Este adestramento engloba os elementos básicos na preparación do actor e da actriz, e marca o camiño para entrar en acción, facilitando a dispoñibilidade para confrontarse co futuro proceso de creación da personaxe e poñer orde e disciplina no proceso de creación.		
A improvisación	Como técnica activa de adestramento actoral e para introducir ao alumnado nos elementos da estrutura dramática.		
A estruturación docente.	As clases estruturaránse seguindo unha progresividade que predispón os mecanismos internos e externos do actor e actriz para a entrada en acción. Comezaranse con exercicios que asentén as bases da técnica interpretativa do anterior cuadrimestre, seguirase cos da estrutura dramática e rematarán cos de improvisación e achegamento ao texto.		
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA			
Adecuación das actividades	O profesorado poderá modificar as actividades diarias da aula para facilitar a		

	súa asimilación por parte de cada alumno e alumna do grupo.	
Adaptación curricular	O profesorado analizará e modificará os contidos do currículo en función das diversas necesidades do alumnado. (Esta medida deberá ser supervisada e aprobada polo Departamento e a Xefatura de Estudos e só será aplicable tras o estudo concreto do caso).	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8. 1 Avaliación ordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Descrición	descrición	
Seguimento diario.	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI	60%
Execución de traballos	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI5	20%
Traballos teóricos	T1, T2, T3, T6, T8, X1, X5, X6, EX3, EI5	10%
Clase aberta ou outra modalidade de exhibición que decida o profesorado	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI5	10%
<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Descrición	descrición	
Presentación dunha escena extraída dunha obra dos seguintes autores/as: Tennessee Williams, H.Ibsen, A. Chejov, Arthur Miller, Sara Kane, Caryl Churchill, Vanesa Sotelo, Laia Ripoll. Este exercicio terá unha duración mínima de 7 minutos, e máxima de 10, e contará, de xeito obrigatorio, coa participación de entre 2 a 4 actores ou actrices. O exercicio debe ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso do alumno ou alumna, así como a relación da proposta cos contidos da materia, sobra a cal o profesorado poderá facer preguntas. O profesorado poderá proporlle ao alumnado indicacións e variacións sobre este exercicio, relacionados cos contidos da materia. Este exercicio terá unha duración aproximada dunha hora e media por alumno ou alumna	T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI5	80%

-Recensión dun libro, a escoller polo alumnado, da bibliografía básica, e posto en relación cos temas da guía docente.	T1, T2, X1, X5, X6, EI5	20%
<b>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Presentación dunha escena extraída dunha obra dos seguintes autores/as: Tennessee Williams, H.Ibsen, A. Chejov, Arthur Miller, Sara Kane, Caryl Churchill, Vanesa Sotelo, Laia Ripoll. Este exercicio terá unha duración mínima de 7 minutos, e máxima de 10, e contará, de xeito obrigatorio, ca participación de entre 2 a 4 actores e actrices. O exercicio debe ir acompañado dunha memoria que recolla o proceso do alumno ou alumna, así como a relación da proposta cos contidos da materia, sobre a cal o profesorado poderá facer preguntas. O profesorado poderá proporlle ao alumnado indicacións e variacións sobre este exercicio, relacionados cos contidos da materia. Este exercicio terá unha duración aproximada dunha hora e media por alumno ou alumna.	T1, T2, T3, T6, T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5	80%
-Recensión dun libro, a escoller polo alumnado, da bibliografía básica, e posto en relación cos temas da guía docente.	T1, T2, X1, X5, X6, EI5	20%
<i>O alumnado que non perdera a avaliación continua, poderá examinarse daquelas partes que teña pendentes, e non da totalidade do curso. Os exercicios específicos obxectos de exame, serán comunicados polo profesorado con antelación.</i>		
<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>		
Referencias básicas ADLER, S. (2000). <i>El arte de la actuación</i> . NY: Applause Books BROOK, P. (1986). <i>El espacio vacío</i> . Barcelona: Península. BOGART, A. (2007). <i>Los puntos de vista escénicos</i> . Madrid: ADE CHÉJOV, M. (2006). <i>Sobre la técnica de actuación</i> . Barcelona: Alba editorial.		

LAYTON, W.(1999). *¿Por qué? Trampolín del actor*. Madrid: Fundamentos.  
MAMET, D. (2005). *Los tres usos del cuchillo*. Barcelona: Alba Editorial.  
STANISLAVSKI,C. (2003). *El trabajo del actor sobre sí mismo*. Barcelona: Alba Editorial  
STANISLAVSKI,C. (2009). *El arte escénico*. Madrid: Siglo XXI

#### Referencias

CHÉJOV,M.(2006). *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona: Alba editorial.  
DONNELLAN,D.(2004). *El actor y la diana*. Madrid:Fundamentos.  
GROTOWSKI, J.(1980) .*Teatro laboratorio*. Barcelona:Tusquets editores.  
*GROTOWSKI,J.(2002). Hacia un teatro pobre*. Barcelona: Alba Editorial.  
JARA, J.& MANTOVANI, A. (2006). *El actor creativo, la actriz creativa (manual para conseguirlo)*. Bilbao: Artezblai.  
RICHARSON, D. (2000). *Interpretar sin dolor*. Madrid: ADE.  
ROTA,C. (2005). *Los primeros pasos del actor*. Madrid: MR-Ediciones.  
STANISLAVSKI, C. (1999) . *Un actor se prepara*. México: Diana.  
STANISLAVSKI,C. (1999). *La construcción del personaje*. Madrid:Alianza editorial.

#### 10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Para superar a materia o alumnado terá que ter aprobados todos os traballos.

O establecido no apartado 4, contidos, pode ser obxecto de modificación en función dos acordos entre profesorado e alumnado, en función das necesidades do propio alumno ou alumna e en función das necesidades das propostas dramáticas. Estes cambios trasladaranse á Xefatura de Departamento e de Estudos para o seu coñecemento.

#### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1. Seguimento diario: Puntualidade. Disciplina. Implicación e colaboración nas tarefas individuais e colectivas. Competencias: T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI . Ponderación: 60%

ACTIVIDADE 2. Execución e presentación de prácticas escénicas. Competencias: T1,T2,T3,T6,T7, T8 X1, X2, X3, X4, X5, X6,EI1, EI2, EI3, EI5. Ponderación:30%

ACTIVIDADE 3.Traballos teóricos. Competencias: T1, T2, T3, T6, T8, X1, X5, X6, EX3, EI5 Ponderación:20%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**

